



INFORMACIÓN PÚBLICA SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2019/2020

CALENDARIO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO ESCOLAR 2019/2020

SOLICITUDE DE ADMISIÓN

(para alumnado procedente doutros centros distintos dos adscritos) (tamén para alumnado procedente dos centros adscritos que non solicitaran a reserva do 1 ao 15 de febreiro)

1. **Solicitud de admisión** mediante a presentación do **Anexo II (modelo ED550B)** no centro solicitado no primeiro lugar de preferencia: **1-20 de marzo**.
2. Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo (só no caso de haber maior número de solicitudes que de prazas ofertadas): **25 de marzo ao 5 de abril**, ambos os dous incluídos.
3. Publicación das **listaxes provisionais de persoas admitidas** e non admitidas: **antes do 25 de abril**.
4. Reclamacións ás listaxes provisionais: nos 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.
5. Publicación das **listaxes definitivas de persoas admitidas** e non admitidas: **antes do 15 de maio**.
6. **Adxudicación subsidiaria** de praza **noutro centro** ao alumnado non admitido (por parte da comisión de escolarización, tendo en conta os centros solicitados no modelo ED550B no 2º lugar e seguintes).

MATRÍCULA

7. Formalización da **matrícula** en E. Infantil e Primaria: **20 de xuño - 1 de xullo** (por ser o 30 de xuño día inhábil).
8. Formalización da **matrícula** en ESO e bacharelato: **25 de xuño-10 de xullo**.
9. Prazo extraordinario de formalización de matrícula en ESO e bacharelato: **1-10 de setembro**.

SOLICITUDES DE ADMISIÓN (1-20 de marzo)

1. Os pais, nais e/ou titores legais que desexen solicitar praza nun centro distinto ao de adscrición, deberán presentar solicitude de admisión utilizando o **Anexo II (modelo ED550B)**.
2. Cada alumna e alumno **só pode presentar unha única solicitude de admisión**. Na solicitude poderá indicar ata seis centros na orde de prioridade que desexe. **Deberá presentala no centro no que solicite**



praza en primeiro lugar de preferencia. A infracción desta norma (é dicir, a presentación de solicitudes en máis dun centro, ou a presentación de solicitude de admisión tendo presentada solicitude de reserva para o centro de adscrición) **determinará a perda dos dereitos de prioridade** que poidan corresponderlle.

3. Alumnado que ten garantía de permanencia neste centro educativo, porque xa está cursando estudos nel durante o presente ano:

No caso de presentar solicitude de admisión (Anexo II) noutro centro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, neste centro.

4. Alumnado dos centros adscritos que ten reservada a súa praza neste centro educativo, por teren presentado o Anexo I en febreiro e terse aceptado a súa solicitude:

No caso de que desexe presentar solicitude de admisión (Anexo II) noutro centro distinto, deberá comunicar previamente e por escrito a este centro educativo a renuncia á súa reserva, antes do 1 de marzo.

5. As solicitudes de admisión, dirixidas á dirección dos centros públicos e á titularidade dos centros privados presentaranse mediante un formulario normalizado. Este formulario estará dispoñible para as familias nos seguintes lugares:

- a) Entregando no centro solicitado en primeiro lugar o Anexo II (modelo ED550B), que pode recoller gratuitamente no centro ou descargar dende a páxina web da Consellería.
- b) Entregándoa a través da sede electrónica da Xunta de Galicia a través da aplicación web "admisionalumnado": <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>

NORMATIVA REGULADORA

DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 26 de decembro de 2012)

Ligazón (galego):

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20121226/AnuncioG0164-171212-0001_gl.pdf

Enlace (castellano):

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20121226/AnuncioG0164-171212-0001_es.pdf

ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 15 de marzo de 2013)

Ligazón (galego):

http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/01/29/orde_do_12_de_marzo_de_2013_de_desenvolvemento_admision.pdf



Enlace (castellano):

http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/01/29/orden_de_12_de_marzo_de_2013_castelan.pdf

ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013. (DOG 1 de febreiro de 2017)

Ligazón (galego):

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20170201_admision.pdf

Enlace (castellano):

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170201/AnuncioG0164-260117-0001_es.pdf

ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO E ÁREAS LIMÍTROFES

PÓDESE CONSULTAR NA PÁXINA WEB DE MARISTAS LUGO

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS OFERTADOS POLO CENTRO

SERVIZO DE GARDERÍA OU MADRUGADORES

07:45 a 09:00

COMEDOR ESCOLAR

14:00 a 16:00

Regulado na seguinte normativa:

- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación. (DOG 13 de agosto de 2013)
- Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG 5 de marzo de 2007)
- Instrución anual da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar.
- Instrución anual da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar.

As actividades complementarias son aprobadas pola Inspección educativa para cada curso escolar. Infórmase a longo do curso 19-20

As actividades extraescolares teñen custo para o usuario. O periodo de solicitude é sempre no mes de xuño. A inspección educativa aproba e autoriza as AAEE cada curso escolar

RECURSOS ESPECÍFICOS OU ESPECIAIS

Colexio Plurilingüe A Inmaculada

Av. Alcalde Anxo López Pérez, 2 - 27002 LUGO

Teléfono 982.28.03.92 - Fax 982.28.08.17

cpr.inmaculada@edu.xunta.es



Aula de Educación Especial